



“Onde está mal visto o galego é en Galicia. O inimigo está dentro, non en Madrid”

[Montse Dopico](#) 16 de setembro de 2016

<https://praza.gal/cultura/londe-esta-mal-visto-o-galego-e-en-galicia-o-inimigo-esta-dentro-non-en-madridr>

A subalternidade. É a posición na que se sitúa a escrita da poeta Luz Pichel. Desde a que defende a presenza, no poema, do minusvalorizado. Do desprezado. Do que sae da norma. Tamén na lingua. Falamos con ela do seu último libro, 'tra(n)shumancias', e dos anteriores.

Dedica tra(n)shumancias á familia, que é de migrantes. En realidade, todos os seus poemarios están marcados por iso. Pola emigración.

Porque pertencer a unha familia migrante condiciona toda a vida. Eu medrei sen nai, porque estaba emigrada. Iso condicionábase moito. Non podes deixalo atrás. Ademais, eu tamén fun migrante. Marchei da aldea aos 12 anos, para estudar nas monxas, e para min foi peor que despois, cando marchei para Madrid, ou cando marchei de Madrid para Londres. Deixar unha aldea de 20 habitantes do corazón de Galicia para ir a un colexio de “señoritas” foi moi duro. Agora, unha filla miña acaba de volver de París, onde estivo catro anos traballando. A emigración, o exilio, son temas que hai que tratar se tes unha mínima conciencia. Non hai moita diferenza entre o que vivín eu, o que viviu a miña filla ou o que viviron miña nai ou meus irmáns. Iso faiche pensar que as cousas non cambian. E por iso no libro hai unha fusión de tempos, de lugares, de linguas.

O nome da súa aldea, Alén, (en Lalín), é ben lindo, por certo.

E ten que ver tamén coa transhumancia. Hai, nun poema, unha celebración do alén, no sentido de xente que volve. Alén sae en todos os meus libros. Tiven moita sorte de nacer alí. Eu sempre o vira como un sitio pequeno, pobre, miserable. Aos 20 e pico anos, cando estudaba en Santiago, fun co meu marido e el díxome que era un lugar marabilloso... Ata entón eu só o vira como un lugar de traballo. E si, o val do Deza é realmente moi bonito.

Nesa confluencia de linguas, tempos e espazos do libro parece non haber só unha constatación da realidade. Semella unha reivindicación da mestizaxe.

É que é parte do proceso vital. Hoxe a xente fala linguas. E faino como pode, daquela maneira, para entenderse. As linguas europeas mestúranse na práctica. O que non é real son as linguas que nos impoñen as academias. A raíña de Inglaterra fala raro. E a BBC. A xente pensa que iso é o que ten que aprender, pero se falas así na rúa ninguén te entende. A min interésanme os espazos lingüísticos que quedan fóra do que se entende por cultura, Academia, estándar... No galego e en todos os idiomas. Para min é un xeito de respectar a xente. Tamén na poesía hai idiomas e temas non aceptados. Por que non vai estar nun poema unha costureira ou unha panadeira? Da mesma maneira, hai unha lingua pobre, ruín, tabú, que parece que tampouco pode estar no poema: o castrapo. Unha lingua de fronteira, mal falada, pero cunha forza que fai que o poema funcione. Porque é libre e a poesía está feita de liberdades, permite unha fala incorrecta, sempre que se consiga que o poema funcione.

Di María Salgado no epílogo de ‘Cativa en su lugar’ que arma nos seus poemas unha “internacional queer”, unha “alianza política de raritxs excluídxs do poder”. A subalternidade é, no fondo, a posición que guía a súa escrita.

Si. Todo o que tende a quedar fóra, a non ser considerado. Por ese mesmo motivo reivindico a gheada. Tamén me axuda o feito de vivir fóra, porque o vexo todo cunha distancia. Penso que a parte fonética, a prosodia... foron e están sendo esquecidas como se só o léxico fose importante. E tamén niso hai subalternidade. O acento galego, o acento marcado das aldeas, considérase inferior. O mesmo pasa con algún aspecto da fonética.

Mais a Academia si aceptou a gheada e o seseo como parte da norma. Aínda que poida que sigan a ser socialmente consideradas como cousa bruta.

Pero unha cousa é que as acepte a norma e outra que as acepte a xente. Moita xente corrixe a gheada e o seseo de xeito inconsciente porque na escola dixéronlles que non estaba ben. Por iso gheada e seseo seguen a ter esa connotación de xente bruta, paleta. Eu creo que o que pasa é que faltou amor pola xente que fala galego. Eu non vexo por que había que darlle altura á lingua. O que había que facer era dar por boa a que había. Mais non pasa só co galego. É a mesma actitude que pode haber en Madrid respecto do andaluz ou en París respecto dos dialectos de Francia. É a mesma ideoloxía uniformizadora do capitalismo. Cando o bonito e o interesante é a diversidade. Paseas en Madrid por Lavapiés e escoitas moitas linguas. Iso é riqueza.

Non hai puntos nos poemas de tra(n)shumancias. E hai separacións das palabras dentro do verso. Non é nada raro na poesía actual. Pero na súa fai que sexa fluído. Como o pensamento que se deixa ir.

Nos primeiros libros que escribín estaba todo perfectamente puntuado, postas as maiúsculas... Neste desaparecen os puntos non só por seguir a tendencia actual. É a mesma actitude de romper co establecido pola Academia. E funciona. Non resta fluidez. Engade riqueza de sentidos. Na ruptura do establecido pode haber forza, valor.

A memoria, a infancia, o paso do tempo... xa están en ‘La marca de los potros’, no que comezabas falando dos nenos que souberon do vapor do esterco. A memoria da infancia está moi presente nos teus libros.

Marc Augé falou dos lugares e os non-lugares. Os non-lugares como lugares de paso. E os lugares fortes, antropolóxicos, con historia. Eu teño a sorte de pertencer a un deses lugares. E non podes perder a memoria de quen fuches. Unha nena da aldea que con catro anos axudaba xa nas leiras. Como parte da tribo, coa que colaborabas. Todo iso márcate, claro. E a poesía, se é sincera, non

pode prescindir da historia propia, porque esta axuda a interpretar o mundo. Eu non podo mirar o mundo sen mirar a Alén. E ao situarte na fronteira estás dentro e fóra, vives entre aquí e alí. E colles distancia, tamén respecto do imaxinario do lector sobre o libro e a lectura. Sábeste nacida nun sitio especial, o lughar, Alén. 'Casa pechada' foi escrito a raíz da morte de meu pai, en tempo real, recollendo as cousas da casa. E por escribir libros coma este hai quen te critica por facer poesía da terra porque "o galego ten que valer para falar de calquera cousa". E claro que si. Pero o importante dun libro non é o tema. A cuestión é facer bos poemas.

Hai algo nos seus poemas da tradición da poesía popular oral. Do humor popular. Mesmo da canción tradicional. Fai pensar ás veces na xeración do 27. Nalgúns poemas de Lorca...

En 'La Casa de Bernarda Alba' sae Poncia, a criada, que fala cunha fraseoloxía popular... Pero é mentira. No sentido de que Lorca fai parecer popular algo que en realidade está moi traballado. Cando escribín 'La marca de los potros' o que quería era escribir en galego pero sen escribir en galego. Facer un libro do Lughar, de Alén. En castelán, pero representando ese mundo de Alén. Unha lingua é unha representación do mundo. Non é só un léxico ou unha sintaxe. Lorca facía moi ben que parecese popular o que non o era. Non o pensara, pero algo de influencia podo ter diso.

Tra(n)shumancias ten tres partes. A máis interesante, se cadra, é a terceira, a historia de Eulalia. Por que esa estrutura en tres?

Eu tamén creo que é a mellor das tres partes. A terceira é máis narrativa, teatral, dialogada. A segunda ten como unha condición intermedia, entre a terceira máis extrañamente biográfica e a primeira, en que prevalece un certo discurso sobre as linguas e as traducións. Eulalia, por certo, significa "a que fala ben".

En 'Cativa en su lughar' fala de axuste de contas coa lingua e coa historia. Había que escribir en galego, por perto/lonxe que estivese. Por que?

O de axuste de contas era porque era unha especie de vinganza... contra min mesma. Durante moito tempo non quixen saber nada do galego estándar, porque creo que non o fixeron ben. Meu pai era un labrego intelixente, esperto, poeta. Unha vez viu na televisión unha señorita falando sen acento e meu pai dixo que ela si que falaba ben. Doeume moito. Esa dobre diglosia, que non é só entre castelán e galego. É entre galego estándar e galego común. Un galego contaminado no léxico, é verdade, pero moi defendible desde moitos outros puntos de vista. Por iso eu escribía en castelán. Escribindo 'Casa pechada', descubrín que a miña lingua poética en realidade era o galego. Por iso en 'El pájaro mudo' e en 'La marca de los potros' o que hai en realidade é máis ben tradución, sempre buscando a fórmula máis próxima ao galego. A contradición, claro, estaba aí, e para superala escribín 'Casa pechada' en galego estándar. Iso permitíume tamén entender un pouco como se fixera a norma e reconciliarme, aínda que fose un pouco, con ela.

'Casa pechada' era, explicacou na edición conxunta con 'Cativa en su lughar', o tempo aproveitado coa nai nos últimos anos, a casa que hai que pechar. E a memoria da aldea, metáfora do mundo.

Morrera meu pai e entón propúxenlle a miña nai que viñese vivir comigo a Madrid. Foi feliz aquí comigo nos últimos anos da súa vida. A ela dáballe pena pechar a casa da aldea. O que fixen eu, entón, foi deixalo todo ordenado e bonito. Tamén para que ela entendese que iamos volver, que a casa non ía quedar abandonada. O que hai de anécdota nos poemas é real: o carro, as cestas

do pai... Todo está alí. É un libro feito así, en relación coa nai e co pai. Ser de aldea é, si, un xeito de pertencer ao mundo. Pero tamén temos necesidade de saír, de ver máis. Hai veces que eu mesma síntome un pouco pechada en Galicia. Aínda que é verdade que cada vez se mira máis para fóra.

En ‘Cativa en su lugar’ fala do castrapo como a lingua do membro da tribo que tenta facerse entender en castelán ou que tenta que pareza que pertence a unha tribo de status superior.

Primeiro hai que aclarar o que entendo por castrapo, claro. Eu con castrapo non quero dicir o galego que fala a xente do campo. Porque iso é galego, non castrapo. Castrapo é a lingua de fronteira entre castelán e galego, a que falan as persoas que falan galego toda a vida pero que se senten obrigadas a falar en castelán cando van ao médico ou cando falan con alguén de fóra. Ou, tamén, a que falan algúns que queren parecer máis finos. É o castelán das persoas que sempre falan galego e que por iso encontran alguna dificultade para falar castelán. Un castelán que ten erros, pero que como segunda lingua que é, está bastante ben falada. Un castelán que merece respecto, porque é a segunda lingua de quen salvou e mantivo vivo o galego desde sempre. Esas persoas non son as responsables de que se mesturase co castelán. A culpa é da burguesía que falaba castelán e que rexeitaba o galego.

Castrapo sería, entón, o característico castelán da Coruña.

O castelán de xente que sempre falara galego pero que ao chegar á cidade se vía obrigada a cambiar porque o galego non tiña prestixio. Eu deixei de falar galego nas monxas porque rían de min se o falaba. Por iso mesmo hai pais que falan galego entre eles e castelán cos fillos. Pero a culpa non é deles. É da xente que rexeita o galego. E niso, a tamén podo dicilo porque estou fóra, o inimigo non está fóra. Está dentro. O inimigo non é Madrid. Claro que hai discriminación e colonización lingüística por parte dos gobernos e outros poderes. Pero á xente normal de fóra de Galicia encántalle o galego. Eu podo facer recitais en galego sen ningún problema. Onde está mal visto o galego é en Galicia. O inimigo está dentro, non en Madrid.

E quen é o inimigo, entón?

O que dicía, os prexuízos de clase, as actitudes excluíntes, a intolerancia, o odio social, o desprezo social. A burguesía galega que non acepta o galego. A intolerancia é de dentro e non de fóra. Cando vén alguén de Madrid, non é raro que che diga que lle fales galego cando ti vas mudar ao castelán, porque o entenden. O inimigo é a xente de dentro que fala en castelán e rexeita o galego. No fondo, é un problema de clase. Puro clasismo.

Entendo o que quere dicir, mais o seu discurso pode ser malintencionadamente apropiado polos inimigos do galego. Para eles, está ben que o galego sexa un híbrido. Por iso Galicia “mércese máis” e non pasa nada. Hai un erro en galego que vén da confusión co castelán. A parte de castelán, porén, está ben escrita.

O que eu defendo non é a hibridación do castelán e o galego. É a clase subalterna, a nación social, representada pola súa fala. Como defendo a lingua de Vallecás fronte a de Serrano, para que se entenda. Eu escribín ‘Casa pechada’ en galego, someténdome á norma, que respecto, aínda que creo que non a fixeron ben. Cando quixen traducir ‘Casa pechada’ ao castelán, facíase imposible. E o castrapo, como segunda lingua da xente do Lugar, si que se acomodaba á tradución. Así naceu ‘Cativa en su lugar’. Que é castrapo porque, ademais das posibilidades poéticas que me abría, traducía aquel mundo mellor que o castelán. Mais iso non é defender o hibridismo. Para defender o galego hai que abrazar a xente que o falou toda a vida.

Non se abraza se non se fala o galego coma ela. E non se abraza cando se ri do castrapo, cando o castelán que fala a xente que é galego-falante é ridiculizado. E o que eu vexo na TVG é que o chiste segue a ser o paleta, o labrego, a muller. Como ese vídeo, 'fendiendo el Parlamento', que parece mentira que o estea a difundir xente do BNG, no que para facer un chiste sobre Feijoo, a partir do tema da súa relación cun narco, se utiliza o que lle pasou a unha muller á que insultaron gravemente. Rin da muller, do seu castrapo, despois de que lle pasase algo tremendo. É unha falta de sensibilidade terrible.

“La poesía es memoria de una lengua”. É unha cita de Jacques Roubaud coa que encabeza ‘Cativa en su lugar’. Moi axeitada para o que é a túa escrita.

É memoria, pero tamén traballo coa lingua. Eu fago investigación coa lingua que herdei.

Tamén é unha poesía moi do cotián. Do pequeno, do detalle. Desde esa posición da que falabamos, da subalternidade.

Si, pero tamén hai unha transcendencia, un ir máis alá diso. O mundo das cousas pequerrechas é unha maneira de falar do que está máis alá delas.

Hai en ‘Cativa en su lugar’ e en ‘Casa pechada’ poemas que son letreiros. E en xeral, na súa escrita, unha contención co estilo, coa lonxitude de poemas e versos... “Ando a buscar beleza/ en la lingua cativa/ de la patata”. Por exemplo.

Si. É a extensión e a forma o que se coida nese sentido. Porque con material humilde tamén se pode facer poesía. Eu limpei unha parede, coloqueei os cestos de meu pai e deixei o cuarto como un museo. Debaixo dos obxectos, un letreiro do que son. Iso é. Pero, como dicía, sempre hai intención de ir máis alá dos obxectos.

A pataca, o pan de millo. Son obxectos que se fan símbolos nos seus poemas. E que fan pensar nun xeito de interpretar e coñecer o mundo.

A artesa, o pan, a pataca, a palabra “pau”... Acaban funcionando como símbolos, si. Que levan a outra cousa. Pero quedei pensando no que me dicías antes de que a xente pode entender que eu defendo o hibridismo...

Referíame ás persoas que teñen unha posición supremacista, que queren que o galego siga subordinado ao castelán. Para elas, hai unha lingua A que merece un estándar porque telo é natural. E unha lingua B que non pasa nada se está hibridada e que non precisa norma nin medidas para corrixir a discriminación, porque promocionala ou tentar falala sen castelanismos é, para eles, atacar a lingua hexemónica.

Eu non defendo, como che dicía, a hibridación. Defendo o galego. Estou en contra do academicismo, pero non só no caso do galego. No caso de todas as linguas. Non é que eu crea que o galego non ten que ter un estándar, unha norma. O que discuto é como se fixo, dunha maneira castradora. Non é que defenda que o castelán se fale ben e o galego se fale mal. Pero creo que a variedade é riqueza. Que as variantes dialectais son riqueza. Que ningunha lingua é como ditan as academias. Creo que unha lingua non é só léxico. É fonética, morfoloxía, sintaxe, prosodia, pragmática. Que son moi boas en xente que falou galego toda a vida que, si, ten un galego con contaminacións lexicais, pero que temos que abrazar. Faltou amor, niso.

O que critica, entón, é que se lle diga a quen falou galego toda a vida que o que fala non é galego, senón castrapo, e que non é válido. Tamén hai a actitude contraria: a dos que rin dos neofalantes cun bo léxico e cunha fonética deficiente.

A iso me refería, si. A que se desprece a quen falou galego sempre porque ten erros de léxico dicíndolle que fala castrapo. Porque se partimos do respecto, e non desa diglosia entre galego culto/galego común, poderemos ir corrixindo pouco a pouco eses castelanismos. Pero se rimos de quen fala galego, aínda con erros, e de quen fala castrapo porque o castelán non é a súa lingua, non conseguimos nada. E tamén temos que respectar os neofalantes, porque grazas a eles tamén se recuperou moito. As actitudes clasistas contra o galego que fala a xente non están só nos que están contra o galego. Están tamén en parte do galeguismo.

Falabamos antes dos símbolos. Como unha sorte de mostra de sabedoría, de coñecemento do mundo.

Eu creo que é a poesía a que implica un xeito de mirar o mundo. Cando traballas un poema, traballas cos elementos que che dá a experiencia persoal. Se naciches na aldea é normal falar do pan de millo. Ao falar da realidade, da vida cotiá, remites inevitablemente a unha cultura, a un xeito de ver o mundo.

Que conecta con moitas outras culturas. Hai moitos mundos rurais. Pero teñen cousas en común.

Cando presentei 'Cativa en su lughar' en Madrid levei unha zoadeira. Un rapaz africano que estaba no público díxome que na súa aldea se utilizaban para convocar os mortos. Despois souben que en Galicia había sitios nos que non se usaban só para chamar pola xente, senón tamén para chamar polos mortos. Compartimos obxectos que tamén son símbolos. Este ano falei tamén cunha poeta chilena, Cecilia Vicuña, sobre outras coincidencias entre o rural galego e o chileno...

Falaba antes de que ás veces se menospreza a poesía que fala do rural. É verdade que se falou de ruralismo no sentido da literatura que idealiza o rural, sen falar por exemplo de relacións de poder entre clases, ou de desigualdade de xénero. A súa poesía non é que sexa unha apelación á loita de clases, pero si fai protagonistas as clases subalternas, as mulleres...

Cando dixen iso estaba pensando nunha crítica que se lle fixo á nova versión do dicionario da RAG. Alguén que non entendía como non se incluían palabras como web pero si unha palabra que designa unha parte do carro, abeaca. Eu creo que insistir tanto en que en galego se pode falar de calquera tema expresa, en realidade, un complexo de inferioridade. Claro que é así, que o galego serve para todo e tamén para as cousas modernas. Pero eu non necesito demostrar iso. Por iso non é mellor nin peor un libro por falar da terra. En canto á muller, creo que hai unha actitude claramente feminista nos meus poemas. E non, non hai idealización da aldea porque a miña infancia foi dura. O rural é bonito, pero non hai que idealizalo. Cabréanme moito os exercicios de poder dos ricos do Lughar que vexo aínda hoxe. Quen lese 'El pájaro mudo' ou 'La marca de los potros' xa se dá conta de que non estou a idealizar nada. Falo do pai que lle pega ao fillo, da emigración...